



Aforro enerxético nas empresas con solucións dixitais intelixentes

- *R e EcoMT teñen preparado un webinario onde van explicar as claves do aforro na factura eléctrica e no que aconsellarán o público asistente sobre protocolos de sostibilidade e dixitalización dos procesos nas empresas.*
- *A cita dixital, mañá xoves ás 9:00 h, é un novo almuerzo R co que o operador galego quere seguir acompañando as empresas do territorio na súa dixitalización para que desta volta a aproveiten a prol do aforro enerxético e da sostibilidade dos seus negocios.*

Mércores, 18 de xaneiro de 2023.- Baixo o título “*Solucións intelixentes para o control dos consumos enerxéticos*” desenvolverase mañá un novo capítulo dos almozos **R**, o primeiro deste ano, coa idea de afondar na problemática do consumo de enerxía nas empresas e ofrecerlles solucións dixitais que lles permitan aos negocios aforrar na súa factura e velar pola contorna con políticas sostibles nos procesos.

Óscar Sáez, director de produtos e servizos de EcoMT, socia tecnolóxica de **R** especializada en IoT, enerxía e data (presente en máis de medio centenar de países), vai conducir o almuerzo dixital para explicar os grandes desafíos aos que se enfrontan na actualidade as empresas nestes eidos. “*Resulta chocante, pero a mellor opción que teñen as empresas para aforrar mes a mes na factura eléctrica é deixar de consumir enerxía. Como isto é imposible, a clave está en optimizar o xeito de consumila*”, apunta Sáez.

Entre os temas que se tratarán na charla, especialmente dirixida a responsables e profesionais de empresas galegas, figuran a análise das capacidades de **Internet das Cousas (IoT) e da tecnoloxía blockchain** para xestionar recursos enerxéticos como instalacións de autoconsumo ou grandes edificios. Tamén se vai falar da importancia de contar con **tecnoloxía flexible** para construír ecosistemas de Internet das Cousas que permitan aforrar enerxía, minorar a pegada de carbono e dixitalizar procesos. E de que maneira se pode acadar o éxito á hora de implantar **melloras de desempeño operativo e enerxético**.

Ademais, o auditorio achegarase a **casos de éxito reais de empresas e negocios** que teñen reducido o seu consumo enerxético nun 23%, cun conseguinte aforro económico de 1,4 millóns de euros.

Concretando solucións para aforrar enerxía e reducir emisións de CO2

A produción e o consumo de enerxía son os factores que provocan a meirande parte das emisións de CO2 na contorna da Unión Europea. Conscientes desta realidade, **R** e EcoMT traballan conxuntamente cunha solución de deseño propio para optimizar procesos de negocio a través, por exemplo, da **xestión das instalacións da empresa en remoto** ou optimizando o consumo enerxético co **control da temperatura e dos horarios** de iluminación das sedes.

Outras medidas que se propoñen na solución do operador galego e máis EcoMT son as de crear e supervisar **paneis de control con indicadores relevantes** ou adquirir os **datos en tempo real** de calquera máquina de climatización ou industrial.

Ao final, estas e outras moitas propostas baseadas na tecnoloxía e as ferramentas dixitais perseguen dotar a empresa de vantaxes substanciais que van mudar por completo a maneira de abordar os procesos e que lle van permitir os negocios gañar en:

_Eficiencia: recollendo datos en tempo real e procesándoos na nube con *Big Data* e *Machine Learning*.

_Seguridade: protexendo os activos da empresa coa opción de control en remoto dos sistemas e máquinas e configurando alarmas ante sobreconsumos, avarías ou fugas.

_Sostibilidade: impulsando a dixitalización, a eficiencia e o autoconsumo, en resposta ao compromiso empresarial coas persoas e co medio (control da calidade do aire, uso de enerxías renovables, aforro de subministracións...)

_Escalabilidade: adaptando o ecosistema dixital das empresas ás necesidades de cada negocio e aos requirimentos de crecemento nos diferentes momentos do desenvolvemento das compañías.

De todos estes aspectos falarase mañá no almuerzo dixital **R** con EcoMT, para acompañar desta maneira as empresas do territorio desenvolvendo sistemas de autoconsumo, medidas de eficiencia enerxética e políticas de sostibilidade, é dicir, aforrando custos e reforzando o compromiso co planeta a un tempo.

As persoas interesadas en participar no almuerzo dixital **R** "*Solucións intelixentes para o control dos consumos enerxéticos*", aínda poden inscribirse en:

[almuerzoR_aforroenerxéticoEcoMT](#)

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

[R.gal](#)